



## ESCUDERÍA SIROCO NARÓN

C.I.F.- G70325113

Rúa Río Vespasante, 19 - Baixo D. 15570 - Narón

Tel./Fax: 981 391 111

web: www.rallyenaron.org

### CANCELACIÓN DO “33º RALLYE CIDADE DE NARÓN” - 2020

Ante a pandemia provocada polo Covid-19 que estamos vivindo, a Xunta Directiva da **Escudería Siroco Narón** decide reunirse e analizar, coa pouca información dispoñible, a situación en profundidade:

- Nin a Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia, nin a Dirección Xeral de Tráfico, poden darnos información sobre cando e, sobre todo, en que condicións se retomarán as Competicións Deportivas, en particular as celebradas ao aire libre con gran afluencia de público (a maior parte del “incontrolable”), pois a Autoridade Deportiva a día de hoxe é o Ministerio de Sanidade, e tódalas súas decisións van depender da evolución da pandemia.
- Ante a incerteza de cando se dispoñerá dunha vacina ou tratamento que poida mitigar esta enfermidade, algo que nin sequera as Autoridades poden vaticinar, non queremos ser partícipes de realizar un acto que poida fomentar novas infeccións e ir en contra de protexer a saúde das persoas, que é a nosa prioridade número un.
- Co obxecto de protexer a celebración de futuras edicións, non queremos hipotecar a saúde desta entidade, pois unha vez postos en contacto coa maioría dos patrocinadores (maiormente negocios familiares), os que aínda non decidiron se van reabrir pois auguran tempos difíciles e pensan que terán que reducir moito en gastos que non sexan imperiosamente necesarios, o noso orzamento veríase moi mermado, aínda sen coñecer o investimento que habería que facer nas medidas de seguridade que impoñerán as Autoridades competentes. A maioría dos gastos que carrega esta actividade, son previos á celebración da mesma, polo que, se unha vez realizados, se producira a circunstancia dun rebrote da pandemia e houbera que suspender a proba a poucos días de celebrarse, sería un golpe económico de tal envergadura, que tanto a celebración de futuras edicións, como a continuidade da propia Escudería, veríanse seriamente prexudicadas e con risco de desaparición.

Polos motivos expostos, tratando de ser moi prudentes e conscientes da situación ademais de antepoñer a realidade a todo optimismo ou pesimismo, tómanse as seguintes decisións:

- ✓ **CANCELAR** a celebración do “**33 Rallye Cidade de Narón**” prevista para esta tempada de 2020.
- ✓ Mostrar o noso malestar por ter que tomar esta decisión tan pouco desexada xa que tiñamos moito traballo adiantado no momento da chegada do virus, pero a nosa máxima prioridade é a saúde de todos, pois se iso nos falta, o número de persoas que traballan na organización, participantes, asistencia mecánicas e afeccionados, veríase moi reducido e sería difícil levar a bo fin esta edición da proba, cando en realidade debería de ser un evento de índole festiva.
- ✓ Comunicar a nosa intención de levar a cabo o 33 Rallye Cidade de Narón no ano 2021, unha vez sexamos coñecedores en qué circunstancias e con qué medidas de seguridade debería realizarse.
- ✓ Solicitar á Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia, á Deputación da Coruña e ao Concello de Narón, que as partidas económicas que ían a financiar parte da proba, sexan destinadas á loita contra o Covid-19 en adquisición de material, ou como axuda a PEMES e Autónomos que vexan mermados os seus ingresos, ou ben como axuda ás persoas máis desfavorecidas.
- ✓ Demandar á Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia, á Deputación da Coruña e á Federación Galega de Automovilismo, que para a edición de 2021, non suframos ningún tipo de discriminación, nin se vexan minorados os dereitos adquiridos durante as 32 edicións anteriores que desenvolvemos de forma ininterrompida.

Aproveitamos para enviar moito ánimo a todas aquelas persoas que están a padecer esta terrible enfermidade coa que nos tocou lidiar, e aos que a esquivaron moita sorte e saúde, pois desta sairemos.



-Escudería Siroco Narón-